

LINGUA GALEGA. COMPRENSIÓN LECTORA

Le o texto con moita atención. Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

MUSEO DO POBO GALEGO



Horario do museo

De martes a sábado:

10-14 horas. 16-20 horas

Domingos e festivos:

11-14 horas

LUNS PECHADO

Tarifas

Entrada ordinaria: 3 euros.

Entrada reducida: 1 euro (maiores de 65 anos e estudantes maiores de 18 anos).

Entrada gratuíta: socios, estudantes menores de 18 anos e traballadores en paro.

Contacto r/ San Domingos de Bonaval, 15703
Santiago de Compostela. tel. 981 583620 email:
info@museodopobo.com

Entre as exposicións permanentes do Museo do Pobo Galego, podemos contemplar a do traxe tradicional galego. O traxe tradicional pódese dividir en dous grandes grupos: de cotío ou faena e de garda ou gala, moito máis complicado e rico este có primeiro, tanto pola calidade dos tecidos como pola variedade das pezas e riqueza dos adobíos e complementos. Dependendo da ocasión, a zona e as posibilidades económicas, a muller viste camisa, enaguas, refaixo, saia ou vasquiña, mantelo, mandil, xustillo e dengue ou chaquetilla, pano do busto, mantón ou pano de oito puntas, e cobre a cabeza con pano, cofia ou mantela. O home leva camisa, cirolas, calzón, chaleco, chaqueta, faixa, e tócase con pucho, monteira ou tella. O calzado é, en ambos os casos, zocos ou zocas para os días de cotío e zapatos co traxe de gala.

<http://www.museodopobo.es/expo-sala-traxe.php>

1 Elixe a opción correcta:

-Os días de semana, o museo abre...

☐ pola mañá e pola tarde.

☐ só polas mañás.

-Os domingos e festivos, o museo abre...

☐ pola mañá e pola tarde.

☐ só polas mañás.

-O museo está pechado...

☐ os domingos.

☐ os luns.

-A entrada normal custa...

☐ 1 euro.

☐ 3 euros.

Os maiores de 65 anos pagan...

☐ máis.

☐ menos.

A entrada é gratuíta para os estudantes...

☐ maiores de 18 anos.

☐ menores de 18 anos.

-A exposición do traxe tradicional é unha exposición...

☐ provisional.

☐ permanente.

2 Que dous tipos de traxe tradicional hai?

Investiga un pouco máis. Busca no dicionario ou na Rede que peza do traxe é o refaixo.
